| | |
|---|---|
| **Comunidade Autónoma / Departamento / Estado** | GALICIA |
| **Municipio** | CHANTADA |
| **Edificio** | Igrexa Santa María de Nogueira do Miño |
| **Dirección** | Lugar da Eirexe, s/n. 27515 |
| | 42.556333 -7.713833 |
| **Protección** | |
| **Descricion** | Igrexa románica, da segunda metade do século XII, con reformas no XVIII na torre e na fachada. A nave é rectangular, con ábsida cadrada, e cuberta de tella a dúas augas. A ábsida ten un arco triunfal de medio punto, de sección rectangular, columnas apegadas e capiteis con decoración variada.<br>No testeiro conserva unha ventá de medio punto con columnas e capiteis con decoración vexetal. No lateral sur ten unha porta con arco de medio punto e arquivoltas con roseta, follas e bólas, e un tímpano con cruz de brazos iguais inscrita nun círculo. Nos laterais ten canzorros de diferentes decoracións. O frontispicio é de tradición barroca, malia que se conserva un rosetón románico de calado en cruz e rosetas. Ten tres corpos verticais separados por pilastras que rematan en cornixa e frontón de arco rebaixado e pináculos. A torre é cadrada e formada por tres corpos.<br>O seu interior atesoura fermosas pinturas murais de estilo manierista realizadas polo Mestre de Nogueira no século XVI. Estas cobren a cabeceira e a nave por completo. Representan escenas da Resurrección de Cristo, o Xuízo Final, a Asunción e a Anunciación, entre outras. |
| **Campás** | 2 campás. |
| **Fotos** | 2 |
| **Toques actuais de campás** | |
| **Conservación, mantemento** | |
| **Propostas** | |
| **Autors da documentación** | TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK) |
| **Data** | 08-11-2024 |

## Campás actuais

| Localización | Campá | Fundidor | Ano de fundición | Diámetro (en cm) | Peso |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | LA PURÍSIMA | CABRILLO MAYOR, JOSÉ | 1925 | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Torre-campanario | Menor. | BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS) | 1925ca | | |

Información completa: Igrexa Santa María de Nogueira do Miño - CHANTADA (GALICIA)

PDF (10-07-2026)